

## NOTA INFORMATIVA

### Medidas extraordinarias de funcionamento recollidas no Real decreto-lei 8/2020 aplicables ás entidades de economía social

Versión 09.06.2020

O Real decreto-lei 8/2020<sup>1</sup>, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do Covid-19, **modificado polo Real Decreto-lei 11/2020<sup>2</sup>, do 31 de marzo**, posteriormente **polo Real Decreto-lei 19/2020<sup>3</sup>, do 26 de maio** e agora polo **Real Decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño<sup>4</sup>**, establece no seu artigo 40 medidas extraordinarias aplicables ás persoas xurídicas de Dereito privado. Polo tanto estas medidas, que son consecuencia da declaración do estado de alarma son aplicables a todas as entidades da economía social.

#### Resumo das medidas extraordinarias reflectidas no artigo 40 do Real decreto lei 8/2020:

1. Todas as entidades de economía social, aínda que non o teñan previsto nos seus estatutos sociais, poderán celebrar **ata o 31 de decembro de 2020** as súas sesións dos órganos de goberno e de administración (no caso de asociacións, sociedades civís ou sociedades mercantís), de consello reitor (no caso de cooperativas) ou de patronato (no caso das fundacións) a través de videoconferencia ou por conferencia telefónica múltiple, sempre que todos os membros dispoñan dos medios necesarios e o secretario recoñeza a súa identidade, e así o exprese na acta.

Así mesmo, aínda que non estea previsto nos estatutos, **ata o 31 de decembro de 2020**, estes órganos tamén poderán adoptar acordos por votación por escrito e sen haber sesión, sempre que o decida a presidencia, que ten que aprobalo se o solicitan polo menos dous membros do órgano.

2. Nas entidades de economía social, aínda que os estatutos non o prevexan, as xuntas ou asembleas de asociados ou de persoas socias poderán celebrarse **ata o 31 de decembro de 2020** por videoconferencia ou por conferencia telefónica múltiple, sempre que todas as persoas con dereito a asistencia ou os seus representante dispoñan dos medios necesarios, e o secretario do órgano recoñeza a súa identidade, e así o exprese na acta.

<sup>1</sup> <https://www.boe.es/boe/dias/2020/03/18/pdfs/BOE-A-2020-3824.pdf>

<sup>2</sup> [https://www.boe.es/diario\\_boe/txt.php?id=BOE-A-2020-4208](https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2020-4208)

<sup>3</sup> <https://www.boe.es/boe/dias/2020/05/27/pdfs/BOE-A-2020-5315.pdf>

<sup>4</sup> <https://www.boe.es/buscar/pdf/2020/BOE-A-2020-5895-consolidado.pdf>

- 3.** Os órganos de goberno ou de administración de entidades de economía social que estean obrigados a formular as contas anuais e o informe de xestión no prazo de tres meses desde o peche do exercicio, teñen suspendida esta obriga ata o 1 de xuño de 2020, reanudándose de novo por outros tres meses a contar desde esa data. Porén, tamén poden facelo durante o estado de alarma.

Se unha entidade xa formulou as contas do exercicio anterior antes da declaración do estado de alarma ou o fai durante a vixencia deste, o prazo para a realizar a auditoría, sexa obrigatoria ou voluntaria, queda prorrogado por dous meses desde o fin do estado de alarma.

- 4.** A xunta xeral ou asemblea xeral ordinaria que deba aprobar as contas reunirse necesariamente dentro dos dous meses seguintes ao remate do prazo para formular as contas.

No caso de que a xunta xeral fose convocada antes da declaración do estado de alarma, pero a data de celebración prevista fose posterior, o órgano de administración poderá modificar lugar e hora previstos ou revogar a convocatoria con anuncio publicado cunha antelación mínima de 48 horas na web da sociedade ou no BOE. No caso da revogación, o órgano de administración deberá convocala outra vez dentro do prazo de un mes desde o fin do estado de alarma.

Se a xunta ou asemblea xeral ordinaria que vaia aprobar as contas se convoca a partir do 1 de abril de 2020, o órgano de administración poderá substituír a proposta de aplicación de resultados contida na memoria por outra distinta. Debe xustificar este cambio na situación creada polo COVID-19, e acompañar un escrito da persoa auditora de contas no que indique que non tería modificado a súa opinión se no momento da súa sinatura coñecese a nova proposta.

Se a día 1 de abril a xunta ou asemblea xeral xa estivese convocada, o órgano de administración poderá retirar da orde do día a proposta de aplicación do resultado. Esta decisión deberá publicarse antes da celebración da reunión xa convocada, e debe cumprir os requisitos de xustificación e informe do auditor sinalados no parágrafo anterior. O órgano de administración deberá convocar unha nova xunta ou asemblea xeral, dentro do prazo legalmente previsto (tres meses desde a data en que remate o prazo para formular as contas) para someter a aprobación a nova proposta.

Neste suposto, para efectuar o depósito de contas no rexistro correspondente, a certificación do órgano de administración limitarase á aprobación das contas anuais, e posteriormente presentarse unha certificación complementaria relativa á aprobación da proposta de aplicación do resultado.

- 5.** No caso de que durante o estado de alarma transcorrese o prazo fixado nos estatutos para a disolución da sociedade, non se producirá a disolución de pleno dereito ata que transcorran dous meses desde o fin do estado de alarma.

No caso de que a sociedade concorra en causa legal ou estatutaria de disolución, xa sexa durante o estado de alarma ou antes, o prazo para que o órgano de administración convoque a xunta ou asemblea suspéndese ata que finalice o estado de alarma. Soamente no caso de que a causa de disolución concorrese durante o estado de alarma, os administradores non responderán das débedas sociais contraídas neste período.

**6.** Outras medidas concretas que afectan a entidades de economía social:

a) No caso das entidades de economía social con fórmula de sociedade de capital, as persoas socias non poderán exercer o dereito de separación ata que finalice o estado de alarma.

b) O reintegro das achegas das persoas socias das cooperativas que causen baixa durante a vixencia do estado de alarma queda prorrogado ata que transcorran seis meses dende o fin do estado de alarma.

c) Se por mor do establecido no artigo 40 unha entidade de economía social non tivese aprobadas as contas anuais no prazo de presentación do Imposto Sobre Sociedades, deberá realizar a declaración coas contas anuais dispoñibles, que poden ser:

- As contas anuais auditadas.
- No seu defecto, as contas anuais formuladas polo órgano correspondente.
- A falta destas últimas, a contabilidade dispoñible, levada de acordo co previsto no Código de Comercio ou co establecido nas normas polas que se rexan.

Se finalmente, unha vez aprobadas as contas anuais polo órgano correspondente, a autoliquidación do Imposto que resulte é diferente da xa presentada conforme o disposto no apartado anterior, os contribuíntes presentarán unha nova autoliquidación con prazo ata o 30 de novembro de 2020.